

## Despois de 19 anos a Consellaría “despacha” a actualización dos catálogos de infantil e primaria sen garantir nin un só posto de traballo máis

**A prometida negociación dos catálogos quedou reducida a unha proposta presentada o martes e que se asinará hoxe ás 10 cunha incidencia moi limitada, apenas 131 prazas de PT e AL, a maioría xa nos centros, fronte ás 1000 mestras máis do Acordo de 2007**

A CIG-Ensino cualifica de “desprezo ao profesorado” a última manobra propagandística da Consellaría de Educación, apoiada polos 4 sindicatos afíns de sempre e que hoxe ás 10 da mañá escenificarán a sinatura dunha addenda ao Acordo de 2007 polo que se establecen os postos de traballo dos centros de infantil e primaria. Segundo os datos analizados nunha primeira valoración pola CIG-Ensino as 150 prazas de PT e AL anunciadas por Rueda ficán en 131 (103 e 39 respectivamente), das cales a maioría xa están cubertas de forma temporal nestes intreos ou ben por especialistas que xa están por riba de catálogo desde hai anos, ou por atención preferente de alumnado con necesidades educativas especiais ou por dotación excepcional polas necesidades dos centros (a través de plans como MEGA, Proa+...)

Despois de anunciar publicamente e de traer á Mesa a suposta actualización do [Acordo de catálogo de postos de traballo de infantil e primaria e a redución da xornada lectiva a 21](#)



[horas do ano 2007](#), produciuse unha vez máis unha “pseudonegociación” na que a Consellaría presentou unha proposta, os tres sindicatos presentes e o ausente presentaron unha contraproposta en 10 minutos sen contrastala co profesorado nin coas súas estruturas internas e, na tarde de onte, enviáse o documento definitivo para a súa sinatura hoxe ás 10, sen ter en conta ningunha das achegas presentadas pola CIG-Ensino e elaboradas tendo en conta as comunicacións do profesorado e dos centros, que apenas tiveron marxe para opinar. Dezanove anos despois a Consellaría dá carpetazo á demandada negociación deste acordo, que no seu día contara con unidade

sindical e significara a incorporación en 2 cursos de 1000 mestras máis pero que precisa adaptarse á realidade actual dos centros, cunha maior diversidade e maior número de alumnado con necesidades educativas. A sinatura de hoxe supón unha nova farsa na que cada vez se evidencia máis que hai quen se reúne nos despachos e ignora a verdadeira vontade do profesorado. A proposta, a contraproposta e o documento final apenas varían entre si, o que fai pensar que foran tratadas anteriormente ás agochadas e que, polo tanto, as 5 partes, **Consellaría e 4 sindicatos asinantes, están de acordo en zanxar un tema de tan suma importancia en apenas uns minutos, o tempo que durou a súa intervención (no caso sindical consensuada nun receso e presentada por unha das organizacións) na Mesa Sectorial do martes.**

A CIG-Ensino cualifica de “intolerábel” a fraude constante á que someten as negociacións laborais tanto a Consellaría como os outros sindicatos e, como organización seria, participativa e democrática, nunca participará nestes enganos nin traizoará a vontade do profesorado. É por iso que cando recibiu na tarde de onte a chamada da administración “convidándoa” a asinar hoxe **este**

**documento** a resposta foi un non rotundo acompañada do rexeitamento tanto ás formas como ao fondo do que significa esta nova sinatura dun acordo de costas ao persoal docente.

### **A cifra de PT e AL a consolidar, por debaixo do anunciado por Rueda**

A actualización dos catálogos non toca ningún posto de traballo que non sexa o dos especialistas de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe, a primeira gran decepción que amosou estes días o profesorado que se puxo en contacto coa CIG-Ensino, e deixa fóra a Escolas de Educación Infantil, Centros de Educación Especial e Colexios Rurais Agrupados. É dicir, só afecta a Centros de Educación Primaria, Centros de Educación Infantil e Primaria e Centros Públicos Integrados e queda como se ve na imaxe a pé de páxina.

Segundo un estudo realizado pola CIG-Ensino tendo en conta **o catálogo actual dos centros de infantil e primaria** afectados por esta modificación, **o incremento en prazas de Audición e Linguaxe é ridículo, apenas 28**. Para obter esta cifra contabilizouse o número de centros de infantil e primaria con máis de 10 unidades de primaria que pasan a ter un AL (134) e contrastouse cos especialistas que xa aparecen no seu

## **ADDENDA FINAL AO ACORDO DE 2007**

**Primeiro. Catálogo de centros de Educación Primaria.** Os centros de 12, 13, 14, 15, 16 e 17 unidades modifican a súa composición, pasando de contar con “1 especialista en pedagogía terapéutica” a contar con “2 especialistas en pedagogía terapéutica”.

**Segundo. Catálogo de centros de Educación Primaria.** Os centros de 18 ou máis unidades modifican a súa composición, pasando de contar con “2 especialistas en pedagogía terapéutica” a contar con “3 especialistas en pedagogía terapéutica”.

**Terceiro. Catálogo de centros de Educación Infantil e Primaria e Centros Públicos Integrados.** Onde di “1 especialista en audición e linguaxe en centros de 13, 14, 15, 16 e 17 unidades, computando as de infantil e primaria conxuntamente”, pasa a dicir: “1 especialista en audición e linguaxe en centros de 10, 11, 12, 13, 14, 15, 16 e 17 unidades, computando as de infantil e primaria conxuntamente”.

catálogo, dando como resultado esta cifra. Neste sentido tense en conta que no caso de centros compartidos só se computa o centro base. No caso dos especialistas de PT o resultado é algo maior porque se propón a dotación de 1 a maiores dos que teñen actualmente por catálogo os centros de infantil e primaria con máis de 12 unidades de primaria, por unha banda, e outro a maiores para os que teñan mínimo 18 unidades, por outra. **En total serían 337 centros os que cumprirían estes requisitos pero que nestes intres xa teñen 119 profesionais por riba de catálogo. Se se descuentan as prazas compartidas xa existentes nos centros queda un incremento de 103.**

Con todo, a CIG-Ensino pode asegurar despois de sondar a moitos centros que a suma total, 131, son especialistas que nestes intres xa están traballando de forma temporal, polo que na práctica esta addenda non supón un incremento nos postos de traballo a respecto dos actuais, senón como moito a transformación no próximo concurso de traslados de postos temporais en fixos.

### **Propostas da CIG-Ensino**

Malia a desconfianza do sindicato maioritario por como se desenvolveu todo, este non desaproveitou a oportunidade de facer unha proposta para unha negociación real, que queda claro que quen non a quere é a administración. Partindo de dúas premisas fundamentais, que son que esta actualización tiña que abranguer todos os postos de traballo de infantil e primaria e todas as tipoloxías de centros e de que se debería abordar tamén a dotación de especialistas de PT, AL e Orientación para outras ensinanzas, este foi o documento remitido á Consellaría no mediodía do xoves, tras as achegas

recibidas de persoal dos centros de infantil e primaria. Un documento que a Consellaría non puido sequer analizar dado que onte ás 19:30 chamou para avisar de que a sinatura sería hoxe ás 10.

A CIG-Ensino lamenta que se perdera a oportunidade de poder abordar a situación actual dos catálogos no seu sentido amplo, desde a perspectiva das necesidades actuais de cada centro e tendo en conta que o máis urxente (dotación de PT e AL) non é incompatible con atender o prioritario (tamén departamentos de orientación e baixada de ratios mediante o incremento de profesionais doutras especialidades). Por outra banda queda pendente saber como se van distribuír as 50 escasas praza anunciadas por Rueda de Orientación para os máis de 1000 centros educativos de todo o país e a suposta contratación de 200 profesionais de PT a maiores para Secundaria. A CIG-Ensino segue reclamando maior dotación de persoal de orientación, PT e AL para todas ensinanzas e tipoloxía de centros e maior dotación de persoal docente en xeral, o sentir maioritario do profesorado e da comunidade educativa que este curso se mobilizaron máis que nos últimos 40 anos para conseguir melloras para o ensino público ante a súa situación crítica polos recortes desde o ano 2010.

Na seguinte páxina resúmese a proposta de mínimos presentada pola CIG para a súa negociación e que, unha vez máis, foi rexeitada pola Consellaría.

1.- O cómputo de unidades para a asignación de postos de traballo, deberá contemplar sempre a **suma das unidades de educación infantil e de educación primaria.**

2.- Froito da situación social actual e da normativa de referencia, o alumnado que se terá en conta a efectos de cómputo para a asignación de recursos, será sempre o alumnado **NEAE**, e non só o **NEE**.

3.- O catálogo resultante terá unha consideración de **"mínimos"**. En ningún caso a modificación do catálogo por aplicación deste acordo suporá a redución actual do profesorado dos centros de ensino. 4.- Naqueles centros ordinarios que integren alumnado con necesidades, incrementaranse os postos de traballo en función do número e tipoloxía de necesidades especialmente no relativo ao profesorado de PT, AL e Orientación. A tal efecto estableceranse mecanismos de revisión trimestrais, para a dotación do profesorado necesario en función das necesidades reais dos centros, no caso de ser solicitado polos departamentos de orientación. 5.- Anualmente farase unha revisión das aulas habilitadas. Aquelas aulas que leven 2 anos en funcionamento, pasarán a ser unidades de catálogo a todos os efectos. 6.- Propostas de modificación de postos de traballo das especialidades de Pedagogía Terapéutica, Audición e Linguaxe e Orientación educativa:

1. a) Nos centros de educación infantil, centros de educación infantil e primaria e centros públicos integrados (EEI, CRA, CEIP, CEP, CPI) ao respecto de profesorado especialista de PT e AL, modificarase a composición en función dos seguintes tramos:

- Centros de 3 a 8 unidades pasarán a contar con 1 PT e 1 AL
- Centros de 9 a 14 unidades pasarán a contar con 2 PT e 2 AL
- Centros de 15 a 20 unidades pasarán a contar con 3 PT e 3 AL
- Centros de 21 a 30 unidades pasarán a contar con 4 PT e 4 AL
- Centros de máis de 30 unidades pasarán a contar con 5 PT e 5 AL

1. b) Nos centros de educación infantil, centros de educación infantil e primaria, e centros públicos integrados (EEI, CRA, CEIP, CEP, CPI) ao respecto de profesorado especialista en Orientación Educativa, modificarase a composición en función dos seguintes tramos:

- Centros de 6 ou centros de até 250 alumnos/as: 1 Orientador/a
- Centros de 251 alumnos/as até 500 alumnos/as: 2 Orientadores/as
- Centros de 501 até 750 alumnos/as: 3 Orientadores/as
- Centros de máis de 750 alumnos/as, 1 orientador/a por cada 250 alumnos/as

En ningún caso, as orientacións poderán compartir mais de 2 centros, e nunca haberá mais de un centro adscrito ao mesmo departamento de orientación.

## OS NÓSOS LOCAIS

### SANTIAGO (Local Nacional)

Rúa Miguel Ferro Caaveiro 10  
15706 Santiago de Compostela  
☎ 981 57 68 00 / Fax 981 575 839  
santiago@cig-ensino.gal

### A CORUÑA

Rúa Alfonso Molina s/n  
15007 A Coruña  
☎ 981 169 810 / Fax 981 291 735  
acorunha@cig-ensino.gal

### BAIXO MIÑO

Praza da Guía 3, Baixo  
36780 A Guarda  
☎ 986 610 465 / Fax 986 610 465  
baixomiño@cig-ensino.gal

### MORRAZO

Rúa Atranco 19a, Entrechán 1  
36947 Cangas  
☎ 986 302 987 / Fax 986 302 987  
morrazo@cig-ensino.gal

### FERROL

Rúa Eduardo Pondal 41-43  
15403 Ferrol  
☎ 981 358 750 / Fax 981 358 760  
ferrol@cig-ensino.gal

### LUGO

Ronda da Muralla 58, 2º andar  
27003 Lugo  
☎ 982 245 023 / Fax 982 2453 891  
lugo@cig-ensino.gal

### OURENSE

Parque de San Lázaro 12, 4º  
32003 Ourense  
☎ 988 238 350 / Fax 988 222 855  
ourense@cig-ensino.gal

### PONTEVEDRA

Rúa Pasantería 1, 2º Esquerda  
36002 Pontevedra  
☎ 986 861 513 / Fax 986 855 050  
pontevedra@cig-ensino.gal

### A MARIÑA

Avenida de Galicia 20, 1º  
27700 Ribadeo  
☎ 982 129 593 / Fax 982 129 593  
amarinha@cig-ensino.gal

### VAL DE MONTERREI

Rúa Pedro González 5, 1º  
32600 Verín  
☎ 988 412 345 / Fax 986 411 013  
verin@cig-ensino.gal

### VIGO

Rúa Gregorio Espino 47, Baixo  
36205 Vigo  
☎ 986 827 935 / Fax 986 262 844  
vigo@cig-ensino.gal

### SALNÉS

Rúa Alexandre Bóveda 2, 2º  
36600 Vilagarcía  
☎ 986 505 323 / Fax 986 505 323  
salnes@cig-ensino.gal